

## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN ROGELIO GROBA PARA A COLABORACIÓN NOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

#### **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Rogelio Groba o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Rogelio Groba para a colaboración nos gastos de funcionamento da Fundación.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actuacións, por canto se trata dunha actividade única e especial por todo o que representa a Fundación Rogelio Groba. Son fins da Fundación Rogelio Groba: a protección, estudio, cuidado e difusión da obra musical de Rogelio Groba Groba. A Fundación Rogelio Groba realiza as actuacións necesarias para manter o legado e produción de Rogelio Groba. Rogelio Groba é un dos compositores máis importantes da música clásica e popular galega.*

*Por todo o anterior é a Fundación Rogelio Groba a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o



recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

